

BASES VERÁN RURAL 2017

Artigo 1.- CONCEPTO.

Verán Rural é unha oferta educativa e formativa, que tendo como fin principal a conciliación familiar coa laboral das familias nas Parroquias de Ponteareas, fomenta a atención á infancia e xuventude, a xestión social do noso patrimonio e medioambiente e a dinamización cultural. Cunha programación de actividades creativas, culturais e de coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía baseada na educación en igualdade e hábitos saudables.

Artigo 2.- DESTINATARIOS.

Verán Rural está dirixido aos nenos/as e mozos/as entre os 3 e 14 anos.

Artigo 3.- LUGAR, DATAS, PRAZAS E CUSTE DO VERÁN RURAL.

Verán Rural terá lugar nas Instalacións dos Centros Culturais das Parroquias que se relacionan a continuación e na quenda fixada.

- MOREIRA: do 1 ao 15 de xullo.- 30 prazas. 30 €/usuario/a.
- CELEIROS: do 1 ao 15 de xullo.- 30 prazas. 30 €/usuario/a.
- PADRONS: do 1 ao 15 de xullo.- 30 prazas. 30 €/usuario/a.
- GUILLADE: do 16 ao 31 de xullo.- 30 prazas. 30 €/usuario/a.
- CRISTIÑADE: do 16 ao 31 de xullo.- 30 prazas. 30 €/usuario/a.
- PRADO: do 16 ao 31 de xullo.- 30 prazas. 30 €/usuario/a.
- BUGARIN: do 1 ao 16 de agosto.- 30 prazas. 30 €/usuario/a.
- GULANS: do 1 ao 16 de agosto.- 30 prazas. 30 €/usuario/a.
- XINZO: do 17 ao 31 de agosto.- 30 prazas. 30 €/usuario/a.

Calquera das quendas deberá ter un número mínimo de 15 alumnos para realizarse.

En caso de que exista máis demanda nalgunha parroquia que prazas ofertadas nestas bases e noutras non se alcance a súa totalidade, si as instalacións do Centro Cultural permitira ampliar o número de participantes, poderá compensarse ata o número total de prazas ofertadas.

Artigo 4.- PREINSCRIPCIÓN.

O prazo de Preinscrición será do **12 ao 16 de xuño de 2017**.

As bases e o impreso (Anexo I), de Preinscrición do Verán Rural poderán obterse de luns a venres en horario de 9 a 14 h. na Oficina de Ensino, no andar baixo ou no Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas ou ben directamente na páxina web do Concello.

DOCUMENTACIÓN.

- Impreso de preinscrición debidamente cumprimentado.
- Certificado de empadronamento para os que non estén censados no Concello de Ponteareas (Aos empadronados en Ponteareas, faráselle a comprobación de oficio), certificado de matrícula escolar ou documento que acredite o enderezo onde radica o lugar de traballo do pai ou nai do usuario/a, segundo corresponda.
- Certificado que acredite a actividade laboral dos proxenitores ou titores.
- Acreditación de familia monoparental, se procede

LUGAR DE PRESENTACIÓN.- Rexistro xeral do Concello de Ponteareas, en horario de 9 a 13 h.

Artigo 5.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS.

A efectos de información e posibles reclamacións publicarase a listaxe provisional de admitido/as nos taboleiros do Concello e na web do 20 ao 22 de xuño. Non se admitirán reclamacións fora deste prazo.

Artigo 6.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS.

Publicarase a listaxe definitiva o día 26 de xuño nos taboleiros do Concello e na páxina web.

Artigo 7.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.

No caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda, estarán admitidas todas as solicitudes.

Se houbera un número maior de solicitudes para cada quenda, iranse cubrindo as prazas dándolle prioridade ás familias segundo os criterios establecidos a continuación nesta base e por orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello, ata cubrir o número total de prazas.

Baremo de prioridade para as familias que se atopen nas seguintes circunstancias:

- Familias monoparentais empadroadas no Concello de Ponteareas, na parroquia solicitada.
- Familias monoparentais empadroadas no resto do Concello de Ponteareas.
- Familias empadroadas no Concello de Ponteareas, na parroquia solicitada, cos dous proxenitores ou titores ocupados laboralmente.
- Familias empadroadas no resto do Concello de Ponteareas, cos dous proxenitores ou titores ocupados laboralmente.
- Familias empadroadas no Concello de Ponteareas, na parroquia solicitada, con algún ou ningún dos pais, nais ou titores ocupados laboralmente.
- Familias empadroadas no resto do Concello de Ponteareas con algún ou ningún dos pais, nais ou titores ocupados laboralmente.
- Nenos/nenas que non estando empadroados/as no Concello de Ponteareas, están matriculados/as nun centro educativo de Ponteareas ou os seus pais, nais ou titores traballan no termo municipal. (Achegar documentación acreditativa da empresa ou centro educativo no momento da preinscrición).
- Nenos/nenas non empadroados/as en Ponteareas nin cos pais, nais ou titores traballando no municipio.

Unha vez que termine o prazo das solicitudes, estas clasificaranse segundo os criterios arriba establecidos e elaborarse unha listaxe provisional que será publicada para o seu coñecemento e posibles reclamacións.

As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fora do prazo establecido ou por renuncia á praza obtida no sorteo, serán ofertadas aos solicitantes que figuran nas listaxes de non admitidos que serán avisados

Concellería de Ensino

telefonicamente entre as 9 e 14 h, si a terceira chamada non hai resposta pasarase ao seguinte da lista.

Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofertada, deberase presentar a documentación requerida nun prazo máximo de 48 horas, de non facelo así, a praza será ofertada ao seguinte da listaxe de agarda.

Artigo 8.- DOCUMENTACIÓN.

Unha vez comprobada a lista definitiva, as persoas que figuren como admitidos, deberán entregar na Oficina de Ensino no andar baixo do Concello de Ponteareas, a seguinte documentación:

- Copia da Tarxeta Sanitaria.
- Foto tamaño carné.
- Impreso de abono do Prezo Público correspondente á quenda ou quendas adxudicadas.
- Este trámite será xestionado polo Departamento de Rendas. Cada quenda deberá ser aboada de maneira anticipada 48 horas antes do comenzo.
- DNI do pai ou nai do usuario/a.
- Ficha datos de conciliación laboral e familiar

Artigo 9.- RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DA COTA.

No caso de que, por algún motivo xustifico, houberse que renunciar á praza, comunicaráselle por escrito á Concellería de Ensino.

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, o/a interesado/a non puidese asistir á actividade por causa de forza maior, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada antes do inicio da actividade.

Artigo 10.-

A inscrición nestas actividades supón o compromiso de aceptación destas normas.

A Concelleira de Ensino,

M. Cristina Fdez. Davila.